

# Google Chat

**Google Ireland Limited (“Google”)**  
Gordon House, Barrow Street, Dublín 4, Irlanda  
<https://support.google.com/>

*En vigor a partir do 21 de decembro de 2020*

## Resumo do contrato

- Neste resumo do contrato describense os elementos principais da nosa oferta de servizo tal como require a lexislación da UE<sup>1</sup>.
- O seu obxectivo é axudar a comparar as ofertas de servizo.
- Noutros documentos está dispoñible a información completa sobre a nosa oferta de servizo.

## Servizos

Google Chat é un servizo de mensaxaría instantánea que se ofrece en dispositivos e plataformas a través dunha interface web ou dunha aplicación. É necesario dispoñer de conexión a Internet para enviar ou recibir mensaxes a través de Google Chat. Google Chat é un servizo que ofrece Google cun grao razonable de competencia e dilixencia, áinda que non hai establecidos niveis mínimos de calidade do servizo.

## Prezo

Google Chat ofrécese sen custo ningún e o seu uso está suxeito ao cumprimento das Condicións de servizo de Google (dispoñibles en <https://policies.google.com/terms>).

## Duración, renovación e resolución

Poderás utilizar Google Chat inmediatamente despois de rexistrarte. Non te comprometes a utilizar Google Chat durante un prazo determinado e podes deixar de facelo en calquera momento.

## Funcións para usuarios finais con discapacidades

Podes utilizar bots como parte de Google Chat para axudar a automatizar tarefas. Tamén podes utilizar un lector de pantalla e atallos de teclado. Hai máis detalles á túa disposición en <https://www.google.com/accessibility/>.

## Outra información relevante

Servizo de atención ao cliente: Encontrarás axuda e asistencia para Google Chat en <https://support.google.com/>.

Disputas: Podes presentar unha reclamación ante un organismo de resolución alternativa de conflitos que figure en <https://ec.europa.eu/consumers/odr/main/?event=main.adr.show2> ou outro organismo, conforme á lexislación do teu país. Hai máis detalles á túa disposición nas Condicións de servizo de Google.

Incidentes de seguranza: Google ten activo as 24 horas do día, os 7 días da semana, un rigoroso programa de xestión de incidentes para identificar e responder sen demora aos eventos de seguraza ou privacidade. Google tamén ofrece unha lista propia de comprobación de seguraza que che axuda a xestionar a seguranza en liña.

Datos persoais: Para poder rexistrarte en Google Chat, é necesario que indiques o teu nome, enderezo de correo electrónico e número de teléfono. Na Política de privacidade de Google (dispoñible en <https://policies.google.com/privacy>) podes atopar máis información sobre os datos persoais que recompila Google cando utilizas Google Chat. A Política de privacidade de Google non forma parte do contrato entre ti e Google nin deste resumo.

---

<sup>1</sup> Artigo 102(3) da Directiva (UE) 2018/1972 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2018 pola que se establece o Código Europeo das Comunicacións Electrónicas (OJ L 321, 17.12.2018, p. 36).